

### **González Santín esixirá que a Xunta aclare se foi informada da anulación do contrato da Intermodal e pedirá que o Goberno retome, con urxencia, o proxecto**

O líder dos socialistas lucenses vén de rexistrar unha Proposición non de Lei e diversas preguntas co fin de que o Executivo galego concrete como foi a súa participación na decisión de Fomento, xa que de confirmarse o seu apoio “estaría sendo cómplice da decisión que elimina de cuajo todas as posibilidades de que o AVE chegue a Lugo”

“Cremos que se trata dunha cuestión que, só resposta, a unha decisión política, coa que o Goberno pretende marxinar e discriminar a todos os lucenses. Rajoy e Ana Pastor están vetando claramente o progreso e o futuro de Lugo. Hai que pensar que se non fose polo seguemento levado a cabo por Ricardo Varela, a día de hoxe, seguiríamos neste engano premeditado e feito con alevosía”, afirma

González Santín agarda contar co apoio unánime da Cámara para pedir que o Goberno Central retome, no menor tempo posible, o acordo suscrito a tres bandas: Ministerio, Xunta e Concello de Lugo, e que José Blanco deixara encamiñado, ó adxudicar o proxecto, que debería estar rematado en setembro de 2013

**SANTIAGO, 26 DE FEBREIRO.-** Logo de que o deputado no Congreso –José Blanco- e o senador por Lugo –Ricardo Varela- demostrasen, con documentos oficiais, a decisión unilateral do Goberno Central que anula o contrato da Estación Intermodal, o líder dos socialistas da provincia e deputado autonómico –Juan Carlos González Santín-, en nome do Grupo Parlamentario do PSOE, levará este asunto á Cámara galega co obxectivo de coñecer se a Xunta de Galicia é sabedora do “engano premeditado” do Executivo de Rajoy, pois o Concello non recibiu ningunha notificación ao respecto.

Concretamente, González Santín vén de rexistrar unha Proposición non de Lei, así como varias preguntas co fin de que o Goberno galego concrete se foi informada de dita resolución, xa que, de ser así, “estaría sendo cómplice da decisión de Fomento que elimina de cuajo todas as posibilidades de que o AVE chegue a Lugo.

“Cremos que se trata dunha cuestión que, só resposta, a unha decisión política, coa que o Goberno pretende marxinar e discriminar a todos os lucenses. Rajoy e Ana Pastor están vetando claramente o progreso e o futuro de Lugo. Xa o intentaron facer no Senado, ocultando ós socialistas esta información. Hai que pensar que, se non fose, polo seguemento levado a cabo por Ricardo Varela, a día de hoxe, seguiríamos neste engano feito con alevosía. Por este motivo, pediremos que se nos diga que medidas ten previsto a administración galega para que o Executivo estatal cumpra a palabra dada a todos os cidadáns da provincia”, afirma.

#### **Retomar con urxencia o proxecto**

Neste senso, a través da PNL presentada, o líder dos socialistas do PSOE na provincia agarda contar co apoio unánime da Cámara para pedir que o Goberno Central retome, no menor tempo posible, o acordo suscrito a tres bandas - Ministerio, Xunta de Galicia e Concello de Lugo-, e que o ex Ministro José Blanco deixara encamiñado. Concretamente, antes de producirse o cambio de Goberno, o departamento estatal adxudicou o proxecto por valor de 630.000 euros

Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo

de investimento. Este proceso de redacción tiña un prazo de execución de 27 de meses, de xeito que xa debería estar rematado o 8 de setembro de 2013.

No protocolo establecíanse as pautas de financiamento desta actuación. O Ministerio encargárase da nova estación de Alta Velocidade e do 50% das actuacións de reurbanización do contorno que fosen necesarias para a loxística da Intermodal. Pola súa banda, o Concello de Lugo asumiría o importe das actuacións de reurbanización do contorno da actual estación, no momento en que esta deixase de funcionar. Asimesmo, o Goberno galego asumiría o custo da nova estación de autobuses, así como o 50% das actuacións de reurbanización que fosen necesarias para a loxística da nova infraestrutura.

Na Intermodal estaba previsto a integración da estación ferroviaria de Alta Velocidade cos demais sistemas de transporte urbano e interurbano para facilitar o intercambio entre os usuarios de ferrocarril e outros modos de transporte. Asimesmo, o protocolo, respectando a ubicación estratéxica no espazo urbano da actual estación ferroviaria, determinaba a necesidade de optimizar recursos, integrando distintos servizos (hostalería, aparcadoiro, equipamentos de oficinas e comerciais) nas instalacións actuais cos previstos na remodelación futura. Tamén incluía a contrución dunha nova estación de autobuses.